

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA deste concello, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** a respecto do pintado e sinalización do aparcadoiro de San Lázaro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parcela identificada pola referencia catastral 5578106NH0157N0001QZ está situada no barrio de San Lázaro, entre a estrada AC-305 e as instalacións do porto comercial desta vila. Segundo os datos da Sede Electrónica do Catastro ten unha superficie de 966 metros cadrados.


A área, que é utilizada tradicionalmente como aparcadoiro de automóbiles, atópase actualmente en condicións manifestamente mellorábeis, coa capa asfáltica do piso moi estragada e con abundantes fochancas, dificultando o acceso á mesma. Cabe apuntar tamén que a pesares do seu uso tradicional, non conta coa axeitada sinalización vertical, nin a horizontal que delimite as prazas e a desexábel especialización das mesmas (mobilidade reducida, motos, bicicletas, etc.)

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal da Pobra do Caramiñal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Reparar o piso da parcela xa referenciada e dotala da necesaria sinalización vertical.
2. Delimitar con pintura as prazas e reservar as necesarias para usos especiais, como os apuntados no segundo parágrafo da exposición de motivos.

A Pobra do Caramiñal, 15 de febreiro de 2019


Ramiro Ouviaña Ouviaña
Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.

CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL
REXISTRO ENTRADA
2019-E-RC-906
15/02/2019 12:25

